

Cota (m): 98.6.
 Denominación da emisión: 256KF8EHF.
 Potencia radiada aparente máxima (w): 1.200 no
 azimut 160º.
 Potencia máxima nominal do equipo transmisor (w):
 400.
 Potencia de saída autorizada equipo transmisor (w):
 267.
 Sistema radiante: 2 antenas yagi, directividade no
 sector 107,5º-212,5º.
 Altura sobre o chan do centro eléctrico da antena
 (m): 25,5.
 Altura do mastro sobre o chan (m): 30.
 Altura efectiva máxima (m): 515.
 Polarización: vertical.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 7 de febreiro de 2002 pola que se fixa o prezo de venda ó público de diversas publicacións.

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ó público das publicacións editadas por esta consellería e que se relacionan no anexo.

2. Estes prezos entenderanse con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2002.

José María Hernández Cochón
 Conselleiro de Sanidade

ANEXO I

-*Normativa Sanitaria Galega*. 2ª edición: 30,05 euros.
 -*Desfibrilación Semiautomática Externa. Manual del Profesor*: 7,22 euros.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Decreto 77/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais da Serra da Enciña da Lastra.

A Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, establece a necesidade de axeita-la xestión dos espazos naturais e das especies que deben protexerse ós seus principios inspiradores, para o que resulta necesaria a posta en vigor dun instrumento de planificación dos recursos naturais que permita acadar os obxectivos de conservación do ecosistema e harmonice os distintos intereses implicados no uso sustentable e gozo público destes espazos.

O artigo 27.30º do Estatuto de autonomía de Galicia faculta a Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos espazos naturais e das especies e elementos singulares de fauna, flora e xeografía de Galicia que polo seu valor e interese científico, paisaxístico, cultural ou histórico requiran unha especial atención.

A ordenación das actividades humanas no espazo natural da serra da Enciña da Lastra, a través da redacción do Plan de Ordenación de Recursos Naturais, está xustificada polos motivos seguintes:

1. Trátase de preservar-lo patrimonio xeolóxico desta serra que é o principal macizo cárstico de Galicia e conta con formacións xeomorfolóxicas de grande interese; entre elas destaca a maior rede de covas ou palas do territorio galego, así como impresionantes cortados calcarios como o do estreito de Covas. Tamén existen xacigos fósiles da Era Terciaria (Ordovícico).

2. Trátase dunha das escasas zonas calcarias mediterráneas de Galicia e sustenta unha biodiversidade excepcional no contexto galego, tanto en tipos de hábitats e formacións vexetais como en especies de flora e fauna.

3. Para garantir-la conservación dunha paisaxe excepcional e incomparable en Galicia, no que se alternan farallóns calcarios con bosques mediterráneos, soutos de castiñeiros, zonas de uso agrogandeiro, pequenas aldeas moi ben conservadas e o leito do río Sil encaixado entre abas de forte pendente.

4. Para preservar-lo seu potencial educativo, cultural e científico, como espazo que incrementa a biodiversidade do territorio e conxuga usos tradicionais coa conservación de procesos ecolóxicos.

O espazo natural da serra da Enciña da Lastra debe ser un modelo de desenvolvemento endógeno sustentable baseado na complementariedade de actividades agropastorais tradicionais e ecolóxicas, pequenas industrias artesanais e empresas compatibles coa conservación do medio ambiente e actividades recreativas, turísticas e educativas, compatibles co mantemento da extraordinaria riqueza xeobiolóxica da zona.

Co propósito de cumprí-los obxectivos reflectidos tanto no artigo 4.3º da Lei 4/1989, do 27 de marzo, vixente no momento do inicio da tramitación deste plan, e ante a necesidade de xeneralizar este enfoque preventivo, procedeuse á redacción do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) para harmoniza-las actividades económicas e o medio no espazo natural da serra da Enciña da Lastra.

Con anterioridade ó inicio do procedemento de elaboración do PORN, existiron diversas solicitudes das universidades e de grupos ecoloxistas que, ó longo do tempo, foron demandando o establecemento dalgún tipo de figura de protección sobre este espazo que indudablemente posúe importantes valores naturais. Con data 19 de febreiro de 2001, publicouse no DOG nº 35 a Orde do 23 de xaneiro de 2001, pola que se inicia o procedemento de elaboración do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais da Serra da Enciña da Lastra.

O documento, que foi sometido a información pública e que foi elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, recolle os contidos previstos para un PORN. Así, delimita e describe o ámbito territorial, define o estado de conservación dos recursos e ecosistemas, especifica as distintas zonas existentes no espazo e determina as limitacións para cada unha delas, concreta as actividades que requiren un réxime de avaliación e establece recomendacións básicas para a xestión.

O procedemento de elaboración do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) do Espazo Natural da Serra da Enciña da Lastra incluíu, entre outros, os trámites de información pública e audiencia ós interesados. Unha vez iniciado o procedemento de elaboración do PORN, mantivéronse reunións con representantes da poboación local e levouse a cabo unha campaña de consulta e divulgación entre a poboación residente. A continuación, o plan estivo sometido a información pública e audiencia ós interesados durante trinta (30) días de acordo coa resolución da Dirección Xeral de Montes e MAN do 25 de maio de 2001, publicada no DOG o día 14 de xuño e foron presentadas sete alegacións que foron contestadas con data 4 de decembro de 2001.

Por estas razóns, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteito de febreiro de dous mil dous,

DISPOÑO:

Artigo 1º

De acordo co establecido no título II da Lei 4/1989, apróbase o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais da Serra da Enciña da Lastra como instrumento de ordenación dos seus recursos naturais, cunhas prescricións de carácter normativo que figuran como anexo a este decreto.

Artigo 2º

O Plan de Ordenación dos Recursos Naturais da Serra da Enciña da Lastra é obrigatorio e executivo nas materias reguladas na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre, constituíndo as súas disposicións un

límite para calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física cunhas determinacións que non poderán alterar ou modificar tales disposicións.

No referente a usos e actividades que poden levarse a cabo dentro dos límites do espazo natural haberá que aterse ó disposto no plan que se aproba, ademais de á normativa vixente en materia de conservación da natureza, así como ó resto das disposicións existentes.

Artigo 3º

A concesión das autorizacións previstas no decreto corresponderalle ó órgano competente por razón da materia, tralo informe preceptivo da Consellería de Medio Ambiente.

Disposición transitoria

De acordo co establecido no artigo 5 da Lei 4/1989, do 27 de marzo, o presente Plan de Ordenación dos Recursos Naturais prevalece sobre calquera ordenación territorial ou física, que deberá adaptarse a aquel nun prazo dun ano, que comezará a contar a partir do día seguinte ó da publicación deste decreto.

Disposicións finais

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Medio Ambiente para dicta-las disposicións necesarias para desenvolver este decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinteito de febreiro de dous mil dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Carlos del Álamo Jiménez
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO I

1. Delimitación do ámbito territorial.
2. Definición do estado de conservación, diagnóstico e evolución dos valores ambientais.
3. Obxectivos de ordenación.
4. Directrices de ordenación dos recursos naturais.
 - 4.1. Directrices para a xestión do medio natural.
 - 4.2. Directrices sobre o aproveitamento dos recursos.
 - 4.3. Directrices para a xestión do uso público.
 - 4.4. Directrices sobre actividades científicas.
 - 4.5. Directrices sobre a ordenación territorial.
 - 4.6. Directrices para a dinamización da estrutura socioeconómica.
5. Zonificación.
 - 5.1. Zona de reserva.
 - 5.2. Zona de uso restrinxido.
 - 5.3. Zona de uso moderado.

- 5.4. Zona de uso xeral.
6. Normas xerais.
 - 6.1. Usos permitidos.
 - 6.2. Usos prohibidos.
 - 6.3. Usos autorizables.
7. Normas particulares.
8. Réxime de avaliación de impacto ambiental.
9. Desenvolvemento do plan.
 1. Delimitación do ámbito territorial

A superficie obxecto do plan de ordenación ocupa 3.151,67 hectáreas incluídas integramente no termo municipal de Rubiá, na provincia de Ourense.

Os límites do ámbito do plan, do cal se inclúe unha representación gráfica como anexo II, describíense comezando polo norte e en sentido horario:

Norte: desde a intersección da estrada OU-622 co límite da provincia de León, seguindo polo límite provincial, ata a intersección coa vía de ferrocarril na ponte do Estreito.

Este: desde a intersección do límite provincial coa vía do ferrocarril na ponte do Estreito, seguindo polo límite coa provincia de León, ata o punto no que se cruza coa liña perpendicular que parte desde a boca sur do túnel polo que discorre a pista pola que se accede ó encoro de Penarrubia.

Sur: desde este punto, segue en liña recta ata a boca do túnel, seguindo pola pista en dirección sur ata a intersección co primeiro regato que discorre de dereita a esquerda, polo que sobe ata a estrada que dá acceso a Pardellán e Vilar de Silva. Continúa pola estrada ata o punto no que cruza coa curva de nivel de 510 m, desde onde segue en dirección norte cruzando o regato Pardellán ata o punto de intersección da estrada coa curva de nivel 540 m, seguindo por esta última dirección oeste ata o primeiro regato que a cruza, polo que sobe ata a cota 695 m. Desde este punto segue pola pista forestal que discorre en dirección oeste ata o segundo regato que a cruza, polo que sobe ata o alto de cota 803,65 m. Desde este alto, segue descendendo pola ladeira en liña recta en dirección oeste ata acadar-la cota 775 m na valgada, de onde parte unha pista forestal coa dirección oeste pola que segue ata que dobra cara ó sur para subir por un regato ata acadar unha devasa. Desde este punto segue cara ó oeste por esa devasa cara ó alto de Poleares, para continuar pola devasa que descende na dirección noroeste ata que este finaliza, seguindo en liña recta ata acadar-la estrada que vai ó Castelo. Segue por esta estrada en dirección ó Castelo ata acadar unha pista que parte á dereita, pola que segue subindo unha valgada ata acadar-lo alto de cota 603,62 m. Desde este alto, segue cara ó sudoeste baixando pola divisoria ata o río Galir. Continúa ascendendo polo leito do río Galir a unha distancia de 5 m da marxe dereita do río ata a confluencia pola marxe esquerda cun regato pouco antes de cruzar-la estrada OU-621 nos arredores de Oulego.

Oeste: desde o punto no que conflúen ámbolos cursos fluviais segue polo mencionado regato ata onde este nace nas proximidades da estrada OU-622, para seguir por esta ata o límite coa provincia de León.

2. Definición do estado de conservación, diagnóstico e evolución dos valores naturais.

A serra da Enciña da Lastra acolle ás formacións de bosque e matogueiras espiñentas mediterráneas máis extensas e mellor conservadas de Galicia. Non só constitúen as aciñeiras máis extensas da Comunidade Autónoma senón as únicas de carácter calcícola, feito que favorece a entrada de especies de flora descoñecidas no resto da comunidade. Corresponden á asociación *Genisto hystricis-Quercetum rotundifoliae*, e representan a vexetación climática natural potencial do espacio natural. Mantén tamén representacións de salgueirais mediterráneos (*Salicetum angustifolia-salvifoliae*), moi escasas en Galicia e conservan os únicos tomiñares (matogueiras espontáneas caracterizadas polo tomiño *Thymus zygis*) da Comunidade Autónoma. Varios tipos de pasteiros presentes son hábitats de conservación prioritaria na Comunidade Europea. Finalmente, a vexetación de cumes calcarios presenta varias comunidades endémicas de Galicia. Están catalogadas 451 especies e subespecies de plantas vasculares, entre elas 40 endemismos ibéricos, varios endemismos de área restrinxida, e dous endemismos exclusivos das calcarias bercianas: *Armeria rothmaleri* e *Petrocoptis grandiflora*. Esta última, xunto co endemismo Caureliano-berciano *Rhamnus legionensis*, están consideradas especies en perigo de extinción total se non se protexen en Galicia. A flora é extraordinariamente singular no contexto galego, con 62 especies localizadas exclusivamente nestas serras, e outras 55 de área de distribución moi restrinxida en Galicia.

Respecto á fauna invertebrada, pese a ser un grupo pouco coñecido e estudado, están catalogados catro endemismos ibéricos, un exclusivo das aciñeiras galegas, a miñoca *Allobophora morenoe*, e tres do noroeste, as lesmas *Geomalacus grandis* e *Furcopenis circularis*, e o caracol *Portugala inchoata*. Ademais, seis especies están incluídas no anexo II da Directiva Hábitats (43/92/CEE), os coleópteros *Lucanus cervus* e *Cerambyx cerdo*, os odonatos *Oxygastra curtisii* e *Coenagrion mercuriale*, a lesma *Geomalacus maculosus* e o cangrexo de río autóctono (*Austrapotamobius pallipes*). Oito especies son exclusivas de aciñeiras e afloramentos calcarios (tres miñocas e cinco lepidópteros). Entre estes últimos destacan *Eilema uniola* e *Arctia hebe*, citadas en Galicia unicamente na serra da Enciña da Lastra).

Un mínimo de 194 especies de vertebrados viven no espacio natural: 9 peixes, 10 anfibios, 13 réptiles, 124 aves e 38 mamíferos. Entre elas, 124 están protexidas na categoría de interese especial no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (R.D. 439/1990), e 76 son consideradas de interese pola súa reducida área de distribución ou o seu desfavorable estado de conservación. Delas, 50 están incluídas nalgún dos anexos da Directiva 43/92/CEE, de conservación dos hábitats e da fauna e flora silvestres; 32 incluídas no *Libro rojo de los vertebrados de España*, e 40 de especial interese no contexto galego. Hai once endemismos ibéricos. Especial mención merece a presenza dunha poboación de lagartiña cincenta (*Psammotromus hispanicus*), moi escasa en Galicia, e unha das comunidades de morcegos máis rica do noso territorio, con nove especies confirmadas e polo menos cinco de presenza posible, acollendo unha importante

poboación a nivel ibérico de morcego das covas (*Miniopterus schreibersii*), e contando con citas de morcego de ferradura mediterráneo (*Rhinolophus euryale*) e rabudo (*Tadarida teniotis*), de distribución restrinxida no noso país. O principal valor faunístico constitúeno as aves, co maior número de especies nidificantes de Galicia. Conta coa presenza exclusiva de bicogroso e, aínda que irregularmente, de voitre branco; ademais o espazo natural representa unha das escasas localidades galegas nas que nidifican agüa real, bufo real, agüa calzada, pomba das rochas, pardal das rochas e papamoscas. As comunidades de aves rapaces, rupícolas e mediterráneas son de grande interese e únicas en Galicia. Varias especies manteñen nas serras de Rubiá máis do 10% dos seus efectivos galegos: agüa real, agüa calzada, andoriñón, pomba das rochas e choiva de bico vermello.

Na actualidade, son poucos os sectores do territorio que permanecen alleos a intervencións antrópicas que, dunha forma directa ou indirecta, afecten en maior ou menor medida ós seus valores naturais.

As prácticas agrogandeiras tradicionais moldearon o medio natural desde tempo inmemorial. Perfectamente integradas nos diferentes ecosistemas, acadaron un equilibrio entre a explotación dos recursos e o mantemento das características naturais, creando novas condicións ás que progresivamente se adaptaron multitude de comunidades biolóxicas, que co paso do tempo pasaron a depender destes ambientes. A sociedade moderna, coa imposición de novos hábitos e formas de vida, induciu e continúa inducendo notables cambios no medio rural. Por un lado, as prácticas agrícolas de carácter intensivo produciron unha perda de diversidade estrutural destes ambientes, principal condicionante da diversidade de formas biolóxicas dunha área, mentres que, ó mesmo tempo se abandonaron prácticas e sistemas agrarios tradicionais.

Por outro lado, a presenza dunha profusa rede de tendidos eléctricos dunha zona de abundantes cortados e estreitos, fai que o risco de colisión ou electrocución de aves presentes na zona sexa elevada. Baixo condicións climáticas adversas, ou na etapa de emancipación dos xuvenís, o risco incrementase notablemente.

O espazo natural da serra da Enciña da Lastra caracterízase, entre outros valores, pola presenza dunha das mellores comunidades de quirópteros de Galicia. As actividades de espeleoxía ou a simple presenza humana nos refuxios utilizados polos morcegos, tanto de cría como de invernada, poden interferir na cría ou espertalos morcegos durante a hibernación, o que pode implicar un desbarate de reservas imprescindibles para poder sobrevivir ata a seguinte primavera.

Nesta serra a visita a covas e palas é unha actividade que mantén unha certa frecuencia e pode estar causando un dano importante. Por outra parte, as deterioracións, e destrozos causados nas formacións xeolóxicas das covas por algúns visitantes son evidentes e nalgúns casos graves.

Existen por outro lado diversos impactos paisaxísticos como vías de comunicación ou canteiras en explotación que degradan a naturalidade deste espazo natural.

Entre as ameazas de degradación do espazo natural podemos destacar:

-Intentos de apertura de novas canteiras de calcarias a ceo aberto dentro dos límites do propio espazo natural ou nas súas proximidades. Nunha explotación destas características, a cuberta vexetal da superficie explotada é eliminada por completo, os ruídos inherentes á extracción e picado da rocha, xunto coa apertura de pistas de acceso e trasego humano en zonas antes tranquilas, afectan negativamente a comunidade faunística en xeral e os quirópteros e aves rapaces en particular, especialmente sensibles ás molestias nas áreas de nidificación. Ademais o impacto paisaxístico é importante, motivado pola apertura de pistas e pola presenza da explotación en si, e agudizado polo feito de tratarse de zonas de difícil revexetación.

-O elevado risco de incendios forestais, ata o momento de reducida incidencia, constitúe unha seria ameaza para a conservación do espazo. As peculiares características do ecosistema mediterráneo aquí representado, con varios meses de sequía estival, unido ó gran desenvolvemento da matogueira, favorecen a propa-gación dos incendios.

-As actividades turísticas, deportivas e de lecer na natureza, e o seu previsible aumento dentro dos límites do espazo deben ser reguladas, ante o risco de degradación que poden exercer sobre determinados valores naturais. As actividades náuticas no encoro de Penarrubia non constitúen perigo na actualidade para a conservación dos valores naturais do espazo, pero poderían intensificarse e diversificarse desordenadamente, provocando importantes alteracións. Considerando a relación do cangrexo de río autóctono (*Austroptambius pallipes*) con masas de auga pouco profundas, as actividades de lecer nas beiras poderían chegar a ter un efecto negativo sobre a especie. As dúas especies de insectos odonatos de maior interese, *Coenagrion mercuriale* e *Oxigastrea curtisii* están tamén ligadas ás beiras do encoro de Penarrubia. A alteración da vexetación palustre por unha excesiva presión humana nas beiras convertíriase na maior ameaza para a conservación destas dúas especies na zona, xunto coa degradación da calidade das augas e do medio acuático en xeral.

En relación coa escalada, na actualidade non parece ser unha actividade de importancia, pero podería chegar a provocar graves alteracións sobre os valores naturais do espazo. A escalada pode ocasionar danos en comunidades vexetais casmofíticas e outras comunidades rupícolas calcícolas (hábitats de conservación prioritaria segundo a Directiva 92/43/CEE). Ademais, a maior parte das plantas endémicas máis interesantes deste espazo viven nestes medios (*Petrocoptis grandiflora*, *Rhamnus legionensis*, *Leontodon farinosus*, *Campanula arbatica* subsp. *Adsurgens* e *Saxifraga trifurcata*). Estudos recentes sobre perturbacións en rapaces, recomandan non permitirla escalada a menos de 500 m das situacións dos niños de falcón peregrino (*Falco peregrinus*), nidificantes na serra da Enciña da Lastra. Outros deportes de risco e aventura como o descenso de canóns, parapente, poderían chegar a ter efectos negativos sobre a comunidade de aves rapaces durante a época de reprodución, ó supoñer un tránsito humano frecuente en zonas que nunca sopor-taron tal presión. A afluencia excesiva e incontrolada

de excursionistas ou a canalización mal orientada de futuros visitantes do espazo poderían poñer en serio perigo ós valores naturais da serra da Enciña da Lastra, tanto por deterioro directo da flora, por efecto do pisoteo ou coleccionismo, como sobre a fauna, especialmente sobre o grupo das rapaces nidificantes e quirópteros.

-A alteración da cuberta vexetal autóctona, a través de repoboacións forestais con piñeiros e chopos en menor medida, ou a través do aumento da intensidade das cortas poderían comprometer a importante biodiversidade do espazo, derivando nun impacto negativo para a conservación tanto da singularidade e naturalidade da paisaxe vexetal como da súa peculiar composición florística e faunística.

-A recolección a pequena escala de plantas con fins medicinais, cosméticos ou de alimentación existe hoxe en día no contorno da serra da Enciña da Lastra. A gran potencialidade de explotación que encerra este espazo, fai concebi-lo risco dunha situación de recolección intensiva que sobreexplota os recursos, máxime se entra en canles de comercialización.

-O posible incremento da demanda de leña, asociado a un incremento do uso público-turístico do espazo natural, é un feito que debe ser valorado axeitadamente, tanto no tempo como no espazo, para que se regulen os lugares, épocas e as formas de extracción de madeira para leña.

-Debe prestarse atención á introducción ou penetración de especies alóctonas vigorosas, concretamente de *Ailanthus altissima*, polo potencial risco de desprazamento que supón, en xeral, para elementos florísticos de comunidades vexetais autóctonas. A apertura de novas pistas e camiños, facilitan a penetración deste tipo de flora.

3. Obxectivos de ordenación.

Este plan de ordenación ten como obxectivo establecer as medidas necesarias para asegurar a protección, conservación, mellora e utilización racional dos recursos do espazo natural da serra da Enciña da Lastra.

Son obxectivos do plan de ordenación:

a) Definir e sinala-lo estado de conservación dos recursos naturais que integran o ámbito do plan, formulando un diagnóstico neste ámbito e unha previsión da súa evolución futura.

b) Determina-las limitacións xerais e específicas que, respecto dos usos e actividades, deban establecerse en función do estado de conservación do territorio.

c) Promove-la aplicación de medidas de conservación, restauración e mellora dos recursos naturais que o precisen.

d) Establecer criterios de referencia orientadores para a formulación e xeración das diversas políticas sectoriais que incidan no ámbito territorial do plan.

4. Directrices de ordenación dos recursos naturais.

4.1. Directrices para a xestión do medio natural.

Atmosfera:

a) Procurarase manter a calidade do aire, limitando no espazo natural a emisión de substancias conta-

minantes en concentracións tales que modifiquen a calidade do aire por riba dos niveis autorizados.

b) Promoveranse as medidas correctoras necesarias para minimizar ou, se é o caso, eliminar as fontes de emisión de olores desagradables ou rúidos molestos.

Auga:

a) Procurarase conseguir no menor prazo posible, o axeitado tratamento de depuración para as verteduras, xa sexan urbanas, industriais, agrícolas ou gandeiras, velando en todo momento para manter a calidade das augas.

b) Preservaranse as marxes e ribeiras de ríos e regatos, restaurando aquelas zonas que sufriran alteracións importantes por actuacións ou usos inaxeitados.

c) Estableceranse mecanismos de coordinación cos organismos de bacía para asegurar a eficacia das medidas de protección e actuación.

Xeoloxía e xeomorfoloxía:

a) Non se permitan as novas actividades extractivas a ceo aberto. Estas explotacións producen un impacto paisaxístico crítico, incompatible cos obxectivos de protección do espazo natural e, por outra parte, con mínimas posibilidades de restauración.

b) Realizaranse xestións para que tódalas actividades extractivas dispoñan dos plans de restauración pertinentes e velarase para o seu cumprimento.

c) Velarase polo axeitado mantemento e protección das palas e covas existentes no espazo natural.

Solo:

a) Velarase por manter as características estruturais e de textura dos solos das que depende en gran medida a súa vexetación e para evitar a aparición de fenómenos erosivos por causas antrópicas.

b) Procurarase evitar o tránsito de vehículos fóra das estradas e camiños das zonas de maior valor natural do espazo.

Vexetación:

a) Conservaranse e protexeranse as formacións vexetais máis representativas do espazo natural, así como aquelas que presentan un maior perigo de degradación irreversible ou alberguen flora ou fauna de especial valor.

b) Daráselle prioridade á protección e conservación de comunidades ou especies de especial interese polo seu carácter endémico, pola súa situación ameazada, ou por atoparse no límite da súa área de distribución.

c) Daráselle prioridade, alí onde se presenten os hábitats incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE, á conservación e rexeneración natural fronte a calquera outro tipo de actuación.

d) Tenderase a rexenerar a vexetación silvestre potencial do espazo natural, procurando especialmente reconstruí-las súas etapas máis maduras, especialmente nas zonas de maior protección e nas que o risco de erosión sexa máis elevado.

e) Tenderase á eliminación gradual das especies alóctonas existentes nas zonas de maior protección (zonas de reserva e uso restrinxido). Evitarase a introducción e propagación de especies alóctonas fóra das zonas urbanas ou de carácter agrícola.

f) Evitarase a desaparición de calquera especie autóctona, asegurando a persistencia do seu hábitat e aplicaranse se fose preciso medidas de protección e conservación da flora endémica, ameazada ou relictica.

g) Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controla-lo estado de conservación da vexetación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.

Fauna:

a) Protexerase o conxunto da fauna, conservando a súa abundancia, diversidade e singularidade.

b) Evitarase a desaparición de calquera especie autóctona, sen prexuízo do necesario control sobre as poboacións daquelas especies que ameazaran o equilibrio dos ecosistemas. Aplicaranse, se son precisas, medidas de protección e conservación da fauna endémica, ameazada ou relictica presente no espazo natural.

c) Adaptarase a xestión das especies con aproveitamento cinexético ou piscícola ós obxectivos do espazo natural, a través dos correspondentes plans técnicos de xestión.

d) Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controla-lo estado de conservación da fauna para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.

Paisaxe:

a) Restaurarase a calidade paisaxística alí onde fose deteriorada por accións humanas coma movementos de terra, actividades extractivas, apertura de pistas e camiños ou de calquera outro tipo.

b) Procurarase evita-la introducción no medio natural de calquera elemento artificial que limite o campo visual ou rompa a harmonía da paisaxe. Non obstante, poderán establecerse as infraestruturas que sexan imprescindibles, de acordo coas prescricións do PORN, procurando minimiza-lo seu impacto sobre o medio.

c) Velarase polo mantemento do territorio do espazo natural libre de lixo, residuos e verteduras, apoiando a aplicación da normativa vixente na materia. Eliminaranse os vertedoiros e as entulleiras incontrolados.

4.2. Directrices sobre o aproveitamento dos recursos.

Aproveitamentos agrícolas:

a) Promoveranse as producións agrícolas ás que se poida outorgar denominación de orixe, etiquetas de calidade ou outras cualificacións que as identifiquen co espazo natural.

b) Fomentarase a agricultura ecolóxica e código de boas prácticas agrarias.

Xestión forestal:

a) Regularanse, de acordo cos plans técnicos que se redactarán para o efecto, os aproveitamentos de madeira, leña e cortiza.

b) Favorecerase a rexeneración ou repoboación coas especies autóctonas correspondentes ás respectivas series de vexetación.

c) Desenvolveranse as medidas necesarias para a prevención e extinción de incendios forestais no interior do espazo natural, procurando que as actuacións preventivas persigan criterios de funcionalidade e minimicen o seu impacto paisaxístico.

d) Non se autorizarán plantacións con especies que non sexan propias do espazo natural. Procurarase garanti-la calidade e a procedencia xenética de sementes e chantóns empregados na reforestación con especies autóctonas.

Aproveitamentos cinexéticos e piscícolas:

a) Compatibilizaranse estes aproveitamentos coa protección e conservación da fauna e demais recursos naturais do espazo natural, establecéndose as prescricións necesaria para este fin.

b) Evitarase que o exercicio da caza interfira co uso público, establecendo, se fose preciso, medidas para compatibilizar no posible ámbalas actividades.

4.3. Directrices para a xestión do uso público.

Xerais:

a) Impulsarase o uso público como elemento dinamizador do desenvolvemento socioeconómico da poboación residente na área de influencia do espazo natural.

b) Crearanse as infraestruturas de uso público necesarias para facilitar e optimiza-la visita pública ó espazo natural, como centros de interpretación, información ou acollida.

Para iso aproveitaranse ó máximo as edificacións existentes, promovendo a súa restauración se fose necesario.

Actividades turísticas, recreativas e deportivas:

a) Fomentarase o uso turístico sustentable que non produza unha diminución da calidade ambiental da área, nin poña en perigo a conservación dos seus valores naturais e culturais.

b) Procurarase que as áreas utilizadas polos visitantes con fins recreativos se sitúen nas zonas menos fráxiles.

c) Regularanse tódalas actividades deportivas que poidan supoñer deterioración para o medio ou perigo para os visitantes do espazo.

Actividades de interpretación e información:

a) Indicarase mediante sinalización, a delimitación do territorio do espazo natural e a súa zonificación, así como os aspectos básicos da súa normativa.

b) Buscarase, a través da interpretación do espazo natural, promover actitudes de respecto ó medio natural en xeral e a adquisición dun maior grao de conciencia sobre a problemática ambiental.

c) Promoverase a divulgación dos valores do espacio natural mediante a restauración de sendeiros de uso peonil.

Seguridade:

a) Redactarase un plan que garanta a seguridade dos visitantes do espacio natural. Para a súa elaboración teranse en conta tódalas aquelas actividades que poidan ser causa de accidente sobre as persoas, así como aquelas outras situacións ambientais ou naturais que comporten perigo.

4.4. Directrices sobre actividades científicas.

a) Como actividades científicas enténdense aquelas que están encamiñadas a amplia-lo coñecemento sobre os recursos naturais ou culturais para contribuír á súa conservación, protección ou rexeneración.

b) Favoreceranse e ordenaranse as actividades científicas de forma que non supoñen ningún perigo para especies e ecosistemas presentes, facilitando a consecución dos seus obxectivos.

c) Estableceranse as liñas prioritarias de investigación e promoverase a difusión dos coñecementos científicos sobre o espacio natural.

d) Promoverase a creación dun fondo documental que recolla tódolos traballos de investigación realizados no ámbito do espacio natural e o seu contorno.

4.5. Directrices sobre a ordenación territorial.

Infraestructuras:

a) Procurarase minimiza-lo impacto sobre o medio natural no desenvolvemento de infraestructuras fóra dos núcleos urbanos, tales como camiños, conducións de calquera tipo, tendidos eléctricos ou telefónicos, valorando a posibilidade do seu soterramento.

Urbanismo:

a) As áreas delimitadas como zona de reserva, zona de uso limitado e zona de uso moderado deberán ser asignadas no correspondente planeamento urbanístico, ós usos e aproveitamentos propios de solos non urbanizables de especial protección.

b) Os instrumentos de planeamento urbanístico deberán defini-las condicións que garantan a integración paisaxística das edificacións e manteñan o estilo tradicional predominante na zona, prestando especial atención á tipoloxía ou materiais de cubertas e fachadas. Para acadar este obxectivo promoveranse liñas de fomento ou subvención necesarias.

c) Promoverase a elaboración de estudos ou catálogos sobre arquitectura tradicional da zona e fomentaranse liñas de axuda para a adecuación das vivendas rurais á dita tipoloxía, fomentándose que, na rehabilitación, mellora e nova construción de vivendas rurais, se manteña a fisonomía tradicional dos usos rurais.

Patrimonio histórico-artístico e cultural:

a) Realizaranse estudos descritivos das tipoloxías arquitectónicas tradicionais co obxecto de facilita-la súa rehabilitación e coñecemento, promovéndose a protección e conservación das edificacións máis valiosas.

b) Promoverase o fomento das accións de revalorización, conservación e rehabilitación do patrimonio cultural do espacio natural, incluídas as festas populares e manifestacións folclóricas, en harmonía coa preservación dos recursos naturais.

4.6. Directrices para a dinamización da estrutura socioeconómica.

a) Promoveranse tódalas aquelas actuacións que incrementen o nivel de vida dos residentes no ámbito do espacio natural dentro do maior respecto ás prescricións do PORN e ós valores naturais e culturais do espacio protexido.

b) Procurarase que as rendas xeneradas polos servizos do espacio protexido e a súa xestión revertan nas poboacións locais.

5. Zonificación.

En función do estado de conservación dos recursos naturais e da presenza e fragilidade de elementos físicos e bióticos singulares, os terreos incluídos no ámbito do plan clasifícanse en catro categorías: zona de reserva, zona de uso restrinxido, zona de uso moderado e zona de uso xeral, segundo se recolle no plan que figura como anexo II.

5.1. Zona de reserva: son aquelas áreas que requiren un alto grao de protección por alberga-los maiores valores naturais, científicos e paisaxísticos, así como pola singularidade dos seus hábitats, especies e comunidades.

5.2. Zona de uso restrinxido: está constituída por áreas que presentan un elevado grao de naturalidade e que poden soportar un certo nivel de uso público, orientado á investigación, educación e interpretación ambiental e á contemplación da natureza de forma controlada. Garantírase a conservación íntegra dos seus recursos e valores ó tempo que se permitirán determinados aproveitamentos primarios.

5.3. Zona de uso moderado: esta categoría inclúe os terreos nos que as formacións naturais, xeralmente de mediana calidade e singularidade, soportaron un maior grao de humanización, ou ben presentan boa capacidade para soportar un uso público máis intenso. Nestas zonas permitirase a práctica de usos agropecuarios e aproveitamentos tradicionais.

5.4. Zona de uso xeral: son aquelas áreas que presentan menor calidade dentro do espacio natural protexido. Poderán utilizarse para a localización de instalacións de uso público.

6. Normas xerais.

6.1. Usos permitidos.

Con carácter xeral considéranse usos ou actividades permitidos os agrícolas, gandeiros e forestais que sexan compatibles coa protección deste espacio natural, e todos aqueles non incluídos nos grupos de actividades prohibidas ou suxeitas a autorización nin contemplados na normativa específica contida neste plan de ordenación.

6.2. Usos prohibidos.

Son usos ou actividades prohibidos todos aqueles que sexan incompatibles coas finalidades de protección do espacio natural, e en particular, os seguintes:

a) A introducción non autorizada no medio natural de especies non autóctonos da fauna e flora silvestres.

b) A extracción de plantas, ou partes delas (máis alá das actividades agrícolas e forestais), animais (agás actividades cinexéticas e piscícolas autorizadas) e de rochas e minerais agás nos casos autorizados ou por motivos de interese científico ou de xestión do espazo natural.

c) A acampada libre fóra dos lugares sinalados para o efecto.

d) A instalación de parques eólicos e minicentraís hidroeléctricas.

e) A vertedura de lixo, estullos e demais residuos sólidos.

f) Todo tipo de actividades das que poida derivarse contaminación das augas nacentes ou circulantes polo espazo natural, así como o baño fóra das zonas destinadas para tal fin.

g) Altera-los leitos e o caudal ou calidade dos cursos de auga, agás nos casos de actuacións debidamente autorizadas.

h) Facer calquera tipo de lume ou fogueira fóra das instalacións destinadas para ese uso.

i) A circulación con vehículos motorizados fóra das estradas e pistas forestais, agás os expresamente autorizados pola Consellería de Medio Ambiente.

j) Sobrevoar o ámbito do espazo natural con calquera tipo de aeronave a unha altura inferior a 300 m sobre a cota de maior altura do espazo, agás por causas de salvamento ou forza maior.

k) Aquelas accións que provoquen danos á sinalización e ás infraestructuras do espazo natural.

l) E en xeral, calquera actividade que atente contra os valores naturais do espazo protexido.

6.3. Usos autorizables.

Considéranse usos ou actividades autorizables todos aqueles que, sen estaren permitidos ou prohibidos con carácter xeral, poderán ser levados a cabo tralo sometemento previo a un control do órgano xestor do espazo. Deberarse, en todo caso, obterse autorización previa para executa-los seguintes aproveitamentos e actividades:

a) Para os aproveitamentos forestais, tratamentos silvícolas e as labores de todo tipo que se executen nos montes do espazo.

b) Para a instalación de sinalizacións.

c) Para a realización de actividades de investigación no medio natural.

d) Para a realización de actividades e probas de carácter deportivo.

e) Para a actividade fotográfica, de filmación e gravación, cando sexan de carácter comercial ou científico.

7. Normas particulares.

Actividades forestais:

a) Non estará permitido o aproveitamento madeirable nin de leña na zona de reserva. Na zona de uso restrinxido permitirase baixo autorización expresa

da Consellería de Medio Ambiente, logo de informe do órgano xestor do espazo.

b) As repoboacións forestais necesitarán a autorización da Consellería de Medio Ambiente, logo de informe do órgano xestor do espazo. Deberán orientarse ó avance da sucesión ecolóxica cara ás formacións climáticas.

c) Na zona de reserva estarán prohibidos as rozas e a apertura de novas devasas.

Caza e pesca fluvial:

a) Permitirase a caza en todo o ámbito do espazo natural, regulada baixo a normativa vixente na materia, agás nas zonas de reserva, onde estará prohibida agás por motivos de xestión ou por fins científicos e con autorización da Consellería de Medio Ambiente.

b) Na zona de uso restrinxido a Consellería de Medio Ambiente poderá limitar temporalmente o aproveitamento cinexético por motivos de xestión.

c) A pesca fluvial quedará regulada polas disposicións normativas vixentes.

d) As repoboacións cinexéticas e piscícolas precisarán autorización expresa da Consellería de Medio Ambiente.

Actividades turísticas, recreativas e deportivas:

a) A práctica do sendeirismo permitirase en todo o ámbito do plan agás na zona de reserva, onde se precisará autorización expresa da Consellería de Medio Ambiente. Enténdese por sendeirismo o percorrido a pé de itinerarios que trasncorren por pistas, camiños e sendas existentes na actualidade.

b) A práctica da espeleoloxía precisará a autorización da Consellería de Medio Ambiente en todo o ámbito do espazo.

c) Non estará permitida a escalada na zona de reserva.

d) O tránsito de calquera tipo de embarcación no encoro de Penarrubia deberá contar coa autorización expresa da Consellería de Medio Ambiente.

Urbanismo:

a) Nas zonas de reserva e uso restrinxido prohibese calquera clase de edificación da nova planta.

b) Na zona de uso moderado só se poderán autoriza-las edificacións de nova planta vencelladas a explotacións agrarias, forestais ou destinadas á xestión do espazo natural, que precisarán en todo caso do informe favorable da Consellería de Medio Ambiente.

Infraestructuras:

a) Prohibese o tendido de novas liñas de alta tensión no espazo natural. As liñas existentes de alta e media tensión deberán incorporar medidas para evita-la colisión de aves con cables. En todo o espazo, os novos tendidos de liñas de transporte de enerxía eléctrica, de lonxitude superior ós tres quilómetros deberán someterse a avaliación de impacto ambiental. Para o resto de liñas que se pretenda tender fóra dos núcleos urbanos ou rurais requirirase autorización da Consellería de Medio Ambiente.

b) Prohíbese a apertura de novas estradas e pistas nas zonas de reserva e uso restrinxido. O arranxo de pistas e estradas nestas zonas requirirá autorización da Consellería de Medio Ambiente.

c) A apertura de novas estradas ou pistas e a mellora ou o asfaltado das xa existentes na zona de uso moderado precisará autorización da Consellería de Medio Ambiente.

8. Actividades suxeitas ó réxime de avaliación de impacto ambiental.

As actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de impacto ambiental no ámbito deste plan serán como mínimo as que estableza a normativa vixente. Na actualidade esta normativa é:

a) Directiva do Consello 85/337/CEE, do 27 de xuño de 1985, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio e Directiva 97/11/CEE, do Consello, do 3 de marzo de 1997, que a modifica.

b) Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.

c) Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental e Real decreto lei 9/2000, que o modifica.

d) Real decreto 1131/1988, do 30 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución do Real decreto 1302/1986.

e) Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

f) Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia.

g) Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación dos efectos ambientais de Galicia.

9. Desenvolvemento do plan.

O desenvolvemento deste Plan de Ordenación de Recursos Naturais deberá realizarse mediante o correspondente Plan Rector de Uso e Xestión, que se elaborará segundo o disposto da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e na Lei 4/1989, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre.

O Plan Rector de Uso e Xestión desenvolverase mediante programas básicos de actuación sectorial que poderían se-los que se citan a continuación:

a) Programa de conservación e restauración dos valores naturais.

b) Programa de ordenación forestal.

c) Programa de corrección e ordenación hidrolóxica.

d) Programa de investigación.

e) Programa de uso público e interpretación.

f) Programa de animación cultural e educación ambiental.

g) Programa de defensa contra incendios forestais, outros riscos naturais e seguridade en xeral.

h) Programa de desenvolvemento socioeconómico.

